

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

ASUNTO:

1ª PRORROGA DO OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA - MERCADO DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO 2025. AUTORIZACION ADMINISTRATIVA.

Vista a aprobación por unanimidade na sesión do Consello de Administración de Insula Sanxenxo EMVS, S.L de data 14 de marzo de 2025:

“Sometido este punto a votación, isto é, que en base os informes xurídicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral, se RESOLVE ADXUDICAR A 1ª PRORROGA DA ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2025 a MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L, APROBÁNDOSE O MESMO POR UNANIMIDADE DE TODOLOS CONSELLEIROS PRESENTES.

Asemade facúltase á Presidencia para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adxudicación da 1ª prorroga en favor de MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa da 1ª prorroga, e que se de traslado das mesmas ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos.

*A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (na área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estes efectos en data 20 de novembro do 2024) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira-Mercado de Portonovo na tempada de verán do ano 2025, nos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicado e memoria técnica do mesmo, autorización que se outorgará **dende o día 21 de xuño 2025 ata o 15 de setembro do 2025**. De maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe.*

O adxudicatario deberá aboar a INSULA SANXENXO, E.M.V.S, S.L o canon polo cal foi adxudicado no 2024, polo importe de 110.000 euros máis IVE.

Asemade, o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, o cal ascende a un importe total de 8.246,86 euros

No caso de prórroga para os próximos anos, atenderase as datas fixadas na formalización da prórroga correspondente.”.

É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

I. OUTORGAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DA 1ª PRORROGA a MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L, con CIF B-16867962, coas consideracións aprobadas polo Consello de Administración e que se dé traslado da mesma ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos.



A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (*na área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estes efectos en data 20 de novembro do 2024*) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira-Mercado de Portonovo na tempada de verán do ano 2025, **e reiterase que a adxudicataria deberá cumprir cos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicadas e memoria técnica do mesmo**, a autorización se outorgará **dende o día 21 de xuño 2025 ata o 15 de setembro do 2025**. De maneira excepcional, a data de remate pode ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe.

O adxudicatario deberá aboar a INSULA SANXENXO, EMVS, S.L o canon polo cal foi adxudicado no 2024, polo importe de 110.000 euros máis IVE.

Asemade, o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, o cal ascende a un importe total de 8.246,86 euros

No caso de prórroga para os próximos anos, atenderase as datas fixadas na formalización da prórroga correspondente.

II. NOTIFICAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA O SOLICITANTE, así como publicar a mesma na web do Concello.

En Sanxenxo, asinado electrónicamente o pe,

Presidencia de Insula Sanxenxo EMVS, S.L

Telmo Martin Gonzalez.

“A presente Resolución pon fin a vía administrativo ao amparo do disposto no artigo 114 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución. Alternativamente, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dendeo día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”.

